

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DE FACULTADE DO 24 DE FEBREIRO DE 2017

Asistentes:

Arribas Álvarez, MCarmen
Barriocanal López, Yolanda
Cid Narváez, Daniel
Comendador Rey, Beatriz
Castro Pérez, Ladislao
Juana López, Jesús de
López Díaz, María
Pérez Losada, Fermín
Prada Rodríguez, Julio
Presedo Garazo, Antonio
Reboreda Morillo, Susana
Uña Álvarez, Elena de
Vaquero Díaz, Beatriz

Desculpan a súa ausencia:

Espino Alvarado, Héctor
Fernández Castillo, Diego
Lozano González, Carlos
Real López, Arturo
Taboada Rodríguez, Sofía
Valín Fernández, Alberto
(baixa)

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade, o venres 24 de febreiro de 2017, ás 12.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 21 de febreiro de 2017

- Lectura e aprobación da acta anterior (30 de xaneiro de 2017)
- Informe da Decana
- Aprobación, se procede, dos criterios de selección e captación do profesorado externo do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural
- Actualización membros da Comisión Académica do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural
- Aprobación, se procede, da Declaración de intencións sobre a remodelación do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural
- Aprobación, se procede, do Informe de seguimento do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural
- Aprobación, se procede, da PDA para o curso académico 2017/18
- Aprobación, se procede, da saída de estudos para o 2º cuatrimestre da Área de Historia Moderna
- Aprobación, se procede, da memoria do PCEO do Grao en Turismo e do Grao en Xeografía e Historia
- Rolda de intervencións

1. Lectura e aprobación da acta anterior (30 de xaneiro de 2017)

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

2. Informe da Decana

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Escusan a súa ausencia: Alberto Valín (de baixa), Arturo Real (viaxe de estudos), Sofía Rodríguez (motivos persoais), Carlos Lozano (motivos persoais), Héctor Espino (viaxe de estudos) e Diego Fernández (motivos persoais).
- A decana presenta ao Director da Área de Calidade da UVigo, Xosé M^a Clemente, que está presente para explicar aos membros da Xunta de Facultade o proceso de renovación da acreditación.

O Director da Área de Calidade explica que a renovación da acreditación é un proceso obrigatorio cada 6 anos. Neste proceso se avalían 7 criterios: Organización e desenvolvemento, Información e transparencia, Sistema de garantía de calidade, Recursos humanos, Recursos materiais e servizos, Resultados de aprendizaxe e Indicadores de satisfacción e rendemento.

A visita da Comisión de Avaliación será o vindeiro 10 de marzo. Avaliará toda a documentación e se entrevistará cos grupos de interese, profesorado, alumnado, PAS, equipo decanal e Comisión de Calidade do centro. Esta comisión ven coa documentación lida polo que preguntan por cuestións que non lles quedaron claras ou que lles susciten interese.

O Director da Área de Calidade informa que seleccionan entre 3 e 6 materias, revisan as guías, o material docente e o exames. Os criterios da elección serán as desviacións de éxito ou fracaso. Esta comisión ven a preguntar e non a cuestionar os datos.

A comisión tamén preguntará polas taxas e a avaliación delas, o Director da Área de Calidade pensa que o centro non terá problema.

Explica tamén que a cualificación dos criterios é entre un A e un D. Normalmente na UVigo se obtén un B ou un C pero di que sería moi interesante intentar acadar unha avaliación dun A.

Comenta que o problema que temos co non cumprimento do decreto en canto ao número de matriculados en 1º, pódese xustificar dando valor á xeración e transmisión do coñecemento tanto ao alumnado como ao resto da sociedade, a través dos convenios de I+D cos concellos e demais entidades. Cre que a oferta do

centro co grao, posgrao e doutoramento é moi coherente e que se pode vender moi ben á sociedade.

Di o Director da Área de Calidade que temos que preparar moi ben a visita da comisión e ir respondendo a todas as cuestións que fagan, que o que non pode ocorrer e que nos quedemos calados ou que non saibamos responder.

Explica o Director da Área de Calidade que o proceso de certificación da calidade, no que está tamén inmerso o centro e que é optativo, está moi conectado coa acreditación. Neste proceso de certificación avaliarán os procedementos de calidade do SGC e comprobarán se funcionan, se son útiles e que serven para mellorar e estruturar o centro. Cre que o sistema non é sustentable pola cantidade de papeleo que se está movendo e que ten que ser simplificado, estase á espera do desenvolvemento do decreto que asocia a acreditación á certificación do SGC.

Comenta o Director da Área de Calidade que a certificación trae beneficios que se poden explotar, para a captación do alumnado é importante obter o selo de calidade. A certificación tamén está asociada ao contrato-programa do centro. Como a certificación é un proceso voluntario engade o problema de que non é doado obter o selo, houbo centros da UVigo que non o conseguiron e centros que o conseguiron na segunda ocasión. A certificación avalía todos os títulos do centro e a xestión xeral do centro, matrícula, deseño do título, planificación da docencia, titorización do alumnado, resultados dos títulos, etc. Van comprobar que os títulos do centro estean integrados no SGC e que na Comisión de Calidade se discuten todos os aspectos de calidade de todos os títulos.

Ao rematar emiten un informe coa implantación, non implantación ou parcialmente implantado o SGC. Depende de onde estean esas implantacións poderán ou non dar o selo. Seguro que con respecto á política de PDI e PAS darán unha non implantación, pero isto non é competencia nin responsabilidade do centro polo que non implica a non concesión do selo.

Poderase alegar ao informe e con respecto aos non cumprimentos se poderán propor melloras. O tribunal é máis duro que o da acreditación e polo tanto hai que preparar a visita moi ben.

Comenta o Director da Área de Calidade que a obtención do selo crea un sentimento de unión/grupo do centro, que hai que demostrar na visita, e se se consegue haberá un cambio no centro. Informa que se está pendente da resolución do concurso do PAS para o apoio deste colectivo nos temas de calidade dos centros. Informa tamén que aínda non se saben as datas concretas para presentar a documentación, pero o máis probable é que o proceso sexa no mes de xuño.

A profesora María López pregunta se a Comisión de Certificación é a nivel nacional. O Director da Área de Calidade respóndalle que si, estará composta por un catedrático con experiencia en calidade, que pode ser ou non da área do centro a avaliar, unha técnica da ACSUG, un profesional externo con experiencia nas normativas ISO 9000 e un alumno que avalía a documentación pública.

A decana agradece a presenza do Director de Área de Calidade, quen abandona a xuntanza e continúaase coa orde do día establecida.

- Informa a decana de que a semana pasada tiveron unha reunión os decanos/director co xerente e co Vicerreitor de economía e planificación para falar da RPT e o concurso, que está pendente de saír. Viñan consultar cal consideraban que era a mellor ubicación das novas áreas. Por exemplo os AA.EE. se dividen en 2 efectivos para o campus sur e 3 para o campus norte. A finais de maio queren que estea o concurso resolto.
- Informa tamén da convocatoria da I edición dos Premios de investigación, transferencia, innovación educativa e divulgación científica do Campus da Auga. Hai de prazo ata o 31 de xullo para presentarse e reenviarase a documentación. Anima ao profesorado e alumnado que realizara un TFG relacionado coa temática a presentarse.
- Comenta que o mércores estivo en Santiago no proceso de acreditación do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade porque a materia que imparte foi unha das seleccionadas para avaliar, seleccionaron as tres materias que imparten docentes da UVigo. Comenta tamén que o proceso foi distinto do que acaba de expor o Director da Área de Calidade porque as audiencias comezaron por pedirlle aos membros que comentasen o que quixeran, as poucas preguntas que fixeron tiñan máis que ver coa coordinación da titulación. No informe oral mencionaron algúns puntos débiles, hai que agardar ao informe escrito final.

3. Aprobación, se procede, dos criterios de selección e captación do profesorado externo do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Este é un procedemento de calidade, o centro non ten capacidade de decisión neste aspecto, xa que é a Comisión Académica do mestrado, respectando a Memoria, quen determina e aproba os criterios de contratación do profesorado externo.

Os membros da Xunta de Facultade aproban os criterios de selección e captación do profesorado externo.

4. Actualización membros da Comisión Académica do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Na pasada Xunta de Facultade se postulou como coordinador do mestrado o profesor Fermín Pérez e propuxo como secretario ao bolseiro Adolfo Fernández, substituíndo respectivamente a Beatriz Comendador e Beatriz Vaquero. Aínda quedan dous postos vacantes que non se nomearon.

5. Aprobación, se procede, de Declaración de intencións sobre a remodelación do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Debido a caída da Escola de Restauración hai que reformar o mestrado. O que se pretende é ampliar os dous módulos que quedan.

Apróbase a declaración de intencións sobre a remodelación do mestrado.

6. Aprobación, se procede, do Informe de seguimento do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

Este informe xa está aprobado na Comisión Académica do mestrado porque era convinte aprobalo antes do cambio de coordinación. En calquera caso onte foi validado pola Comisión de Calidade e hoxe tráese a súa aprobación á Xunta de Facultade. Este informe quedará aprobado condicionado a que no Plan de accións de mellora se inclúa a remodelación do título.

Apróbase o Informe de seguimento.

7. Aprobación, se procede, da PDA para o curso académico 2017/18

A decana lembra que se ofertaban en total 11 materias optativas en 4º de grao, pero na reunión que tivo o equipo decanal coa vicerreitora de organización académica e profesorado indicáronnos que hai que reducir a 10 as materias optativas, como fixas están: Historia de América contemporánea, Diplomática e arquivística, as “Galicias” (Historia, Arte e Xeografía), en total 9 polo que quedaría por escoller unha máis. O alumnado de 3º de grao ao que se lle fai a consulta, presenta un escrito no que reflicten a votación á que someteron a elección da materia. Nesta votación sae elixida a materia de Historia das relixións.

A Área de Historia Moderna propón que a Historia das relixións pase para o 1º cuatrimestre e a Historia Moderna de Galicia para o 2º.

Respecto á bolsa de horas por recoñecementos docentes, nos rebaixan 30 horas polo que tivemos que facer un reaxuste de horas en cada un dos ítems.

O profesor Julio Prada comenta, con respecto a futuras distribucións dos recoñecementos docentes, que hai que facer unha reflexión sobre isto, suxire que se detallan, como noutros centros, outros ítems que recoñezan o traballo que se fai a maiores das tarefas recoñecidas, como a titorización dos TFGs ou a pertenza a tribunais de TFG.

Os membros da Xunta de Facultade aproban a PDA para o curso 2017/18.

8. Aprobación, se procede, da saída de estudos para o 2º cuadrimestre da Área de Historia Moderna

Esta saída estaba planificada a principios de curso pero por diversos motivos non se aprobou no prazo sinalado para saídas de estudo e prácticas de campo.

Apróbase a saída da Área de Historia Moderna.

9. Aprobación, se procede, da memoria do PCEO do Grao en Turismo e do Grao en Xeografía e Historia

Como queira que hai problemas na Facultade de CC.EE. e Turismo para aprobar esta memoria, e un dos atrancos son os horarios, a Facultade de Historia se compromete a modificar os nosos horarios para poder encaixalos cos do Grao en Turismo. Esta mañá fixemos unha planificación para ver as posibles modificacións e a máis importante é que o 1º cuadrimestre do 1º curso de grao tería que pasar á tarde.

Eles tamén levan este punto na orde do día da Xunta de Facultade que celebran hoxe. Se se aproba nos dous centros se levaría ao próximo Consello de Goberno e logo tería que pasar o visto bo da Xunta de Galicia.

Os membros da Xunta de Facultade aproban a memoria do PCEO e se comprometen, no seu caso, a modificar os horarios.

9. Rolda de intervencións

A profesora María López informa de que a UVigo está a dixitalizar todas as revistas. Agora mesmo se está empezando a pedir a información. Comenta que sería bo que alguén se anime a dirixir a revista do Departamento, *Minius*.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13.30 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana



Susana Reboreda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas Álvarez